

PRG 177: CANÓN DO RÍO MAO



A ruta comeza na coñecida coma Fábrica da luz, unha antiga central hidroeléctrica reconvertida en albergue. Ascenderemos por unha considerable pendente ata chegar a San Lourenzo de Barxacova, onde se encontra unha necrópolis medieval con varias tumbas excavadas na rocha. Dende aquí a ruta avanza sen apenas pendente polo canón do río Mao a través dun estreito sendeiro, permitindo unhas fantásticas vistas panorámicas. Máis adiante abandoaremos o canón e a través de eiras de pasto e cultivo e pasaremos por varios pobos, como Forcas e A Miranda. Chegaremos de novo a San Lourenzo, onde pódese obter unha boa visión panorámica sobre o canón do río Sil, e descenderemos ata chegar ao cauce do río Mao. Por último, ascenderemos por unha pasarela de madeira acompañando ao río ata chegar ao punto de partida.

No caso de que queiramos evitar o gran desnível existente entre a Fábrica da Luz e San Lourenzo de Barxacova, é recomendable realizar o tramo circular que se inicia e finaliza en San Lourenzo.

Esta senda parece sobrevoar o impresionante canón do río Mao. O sendeiro está formado por dous anéis que se conectan en San Lourenzo de Barxacova. A ruta pódese desfrutar partindo dende o albergue A Fábrica da Luz para completar os seus 16,5 kilómetros, o comenzo na aldea de San Lourenzo de Barxacova e percorrer só o bucle sur, uns 11,5 kilómetros que evitan as pendentes máis abruptas.

Dende A Fábrica da Luz, o percorrido baixa paralelo ao río Mao por unhas pasarelas de madeira elevadas que gozan de fermosas vistas. Ao rematar o paseo de madeira, a ruta continúa pola marxen esquerda ata chegar a aldea de Barxacova.

Un forte ascenso acércanos ata San Lourenzo de Barxacova, con suas estreitas rúas e pequena igrexa. A subida prosegue ata as poboacións de Miranda e Forcas, onde se encóntra a igrexa de San Mamede.

Logo, o sendeiro volve xunto ao curso do río Mao e se pode visitar a ponte medieval de Conceliñas, a escasos metros da ruta. A senda prosegue paralela ao trazado do canal novo e desvíase ata a Canle Vella. O seu trazado avanza ata a enigmática necrópolis medieval de San Vitor. O camiño retorna a San Lourenzo de Barxacova e descende fortemente ata A Fábrica da Luz.

Dende as tumbas antropomórficas de San Lourenzo existe unha pequena variante non homologada de 550 m que percorre os soutos de Meder e regresa ao canle para continuar o PR-G177.

PRG 237: RUTA CIRCULAR DE CASTRO CALDELAS A MATACÁS



1. De Castro Caldelas ao Miradoiro de Matacás (por Celeirón)

O PR-G 237 coincide co PR-G 213 (Sendeiro de Os Bosques Máxicos de Castro Caldelas) no casco urbano de Castro Caldelas. Hai que atender a sinalización, que

diferencia cada sendeiro coa súa correspondente baliza, para non confundirnos co percorrido.

Pódese comenzo a ruta camiño da aldea de Celeirón, punto de inflexión entre os bosques das ladeiras de umbría e os viñedos en terrazas nas ladeiras de solana. Unha baixada de gran pendente atravesa os soutos e os seus sequeiros para despois remontar entre os viñedos, onde tendremos vistas espectaculares sobre o val de Abeleda. En esta parte tamén destacan as aldeas de pizarra negra e a sobreira centenaria de Paradela. Antes do Miradoiro de Matacás, unha derivación de ida e volta ao Embarcadoiro de Abeleda ofrécenos grandes vistas ao nivel do río Sil das Penas de Matacás, que se alzan sobre nos.

2. Do Miradoiro de Matacás a Castro Caldelas (pola paraxe de A Ruxidoira)

O Miradoiro de Matacás regálanos unha panorámica extraordinaria sobre o Canón do Sil que, en días craros, pode abarcar varios kilómetros á redonda. Aquí, un estreito sendeiro entre as picudas rochas que conforman As Penas de Matacás, en ocasións de formas caprichosas e outras surxidas do chan como dentes de serra, nos encamiña ata as pequenas aldeas desta parte agreste de Castro Caldelas.

O río Sil fai de fronteira natural entre as provincias de Lugo e Ourense neste tramo, polo que dende este miradoiro poderemos apreciar na súa cara Norte, é dicir, a nosa dereita, os viñedos da subzona de Amandi, na provincia de Lugo; mentras que a nosa esquerda, nos atoparemos coas ribeiras do Sil pertencentes a Abeleda, provincia de Ourense.

A nosos pés, estarán ubicados os embarcadoiros de Ponte do Sil (Monforte de Lemos) e Abeleda (Castro Caldelas), dende onde parten as rutas fluviais da zona vitivinícola do Canón do Sil.

Despois chegaremos a A Ruxidoira, unha zona de pinares aberta ata o alto no que se alza maxestuosa a vila de Castro Caldelas, coroada polo seu castelo e a Igrexa de Santa Isabel. Tamén tendremos unhas vistas preciosas de todo o val esculpido polo río Edo, afluente do Sil.



O casco antigo de Castro Caldelas foi declarado conxunto histórico artístico en 1998. Trátase, principalmente, das rúas que suben ao Castelo dos Condes de Lemos; a rúa do Sol e rúa Grande. Rúas empedradas que siguen o trazado medieval, mostrando interesantes casas de pedra con galerías e escudos. Nunha destas casas, actualmente posada, viviu o ilustre escritor e político galego Vicente Risco.

Castro Caldelas está situado nunha colina que domina a ribeira do río Edo. Esta vila luce fermosas galerías brancas e interesantes casas que nos falan dun rico esplendor medieval.


Destaca a zona antiga coñecida coma Cima de Vila, rúas empedradas e serpenteantes que suben ao castelo construído por orden de Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos, no segundo tercio do século XIV. Estamos ante unha fortaleza medieval de carácter militar. Destaca o bo estado de conservación da Torre do Reloxio, a Torre do Homenaxe e patio de armas.

Tamén é unha vila con tradicións, destacando a festa dos Fachós, a noite do 19 de xaneiro. Nesta celebración en honor a San Sebastián, os habitantes realizan unha pequena procesión aoredor do castelo portando longas antorchas feitas de palla. Lévese unha imaxe do santo feita tamén de palla, precedida por unha longa antorcha de ata 30 metros.

Non podemos visitar Castro Caldelas sen degustar a súa rica gastronomía na que destacan a ternera de raza Caldelá e o xamón curado da comarca (moi codiciado polo seu sabor, debido a ceba de castañas dos animais) e por suposto a súa bica.

O castelo ou fortaleza: é o símbolo máis visible da súa historia. Data do século XIV, aínda que se pensa que a existía unha fortificación no século XII.

A Virxen dos Remedios: igrexa de estilo renacentista do s. XVI e que foi reformada no s. XIX, que ten no seu atrio un miradoiro con espectaculares vistas. Conta con blasons xunto a puerta sur e funciona como Museo Municipal.



618 617 799



carroucho@carroucho.org



www.carroucho.org

CASTRO CALDELAS
24 e 25 - 05 - 2025